

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUNHA/DUN ARQUITECTA/O SUPERIOR:

I. NORMAS XERAIS

Primeira. E obxecto da presente convocatoria a provisión como persoal indefinido dunha praza (1) de Arquitecta/o mediante o sistema de oposición e concurso de méritos.

Á persoa que supere o proceso selectivo, se lle ofrecerá incorporación inmediata mediante contrato laboral con carácter indefinido, coas seguintes condicións:

Tipo de contratación: contrato laboral.

Duración do contrato: indefinido.

Modalidade: O/a traballador/a realizará semanalmente 40 horas de traballo.

Período de proba: Establécese un período de proba de seis meses.

Retribución bruta anual a percibir por tódolos conceptos: 47.986.16 €. (Soldo bruto establecido na memoria económica de EVISLUSA para 2024)

II. REQUISITOS DAS/OS ASPIRANTES

Segunda. Para ser admitidos á realización das probas selectivas as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Non haber sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público.

3. Estar en posesión do Título de Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
4. Dispor dunha experiencia mínima dun ano, nos sectores público ou privado, como arquitecta/o superior, no desempeño dun posto de traballo similar, mediante contrato laboral ou relación xurídico-administrativa de carácter funcional (de carreira ou de interinidade) sen que teñan tal consideración os servizos prestados en virtude de contrato administrativo

suxeito á lexislación de contratos das Administracións Públicas ou do Sector Público.

5. Posuír como mínimo 10 puntos no baremo de méritos establecido nas presentes bases.
6. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
7. Ter cumpridos os 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
8. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal exercicio das funcións a desempeñar. A tal efecto as persoas seleccionadas deberán someterse a un recoñecemento médico a realizar por parte da entidade que controla os riscos á saúde no traballo da empresa, de forma previa ao seu nomeamento.

Terceira. Os requisitos establecidos na base segunda deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

III - SOLICITUDES

Cuarta. As persoas interesadas, poderán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, aportando a documentación de forma presencial no rexistro das oficinas da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) situadas na Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1, Edificio Municipal Uxío Novoneyra, terceiro andar dereita. Dentro do prazo establecido especificado nos seguintes parágrafos se admitirán as solicitudes formuladas a través das oficinas de correos, mediante carta certificada, adiantando vía correo electrónico a pretensión de participar no proceso, coa simple remisión da copia da solicitude selada pola oficina, non admitíndose presentar o conxunto da documentación por este medio electrónico.

A solicitude asinada mediante firma autenticada dixital ou firma manual, deberá ser presentada, dentro do prazo establecido, no modelo oficial ao que se poderá acceder e descargar a través do aloxamento web de EVISLUSA existente na páxina web do Concello de Lugo, premendo nun link, banner ou hipervínculo específico situado no apartado “a un click” da páxina municipal e que se poderá identificar mediante o acrónimo: EVISLUSA (en diante: Link de EVISLUSA).

A solicitude cumprimentada deberá dirixirse á Presidenta da entidade, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. En dito extracto se publicará un resumo da convocatoria, ademais do enlace de acceso ao Link de EVISLUSA, a documentación requirida para participar no proceso selectivo e un teléfono de contacto da entidade.

Se poderán realizar consultas sobre a presentación das solicitudes, contactando cos servizos administrativos de EVISLUSA, ou ben presencialmente, ou ben chamando ao teléfono 982297490.

Quinta. No impreso de solicitude, debidamente cumprimentado, farase constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda desta convocatoria a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, comprometéndose a probar os datos no momento que lle foran requiridos, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran concorrer por inexactitudes ou falsidades dos mesmos.

IV - ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Sexta. Expirado o prazo de presentación de instancias, o órgano convocante, por sí ou por delegación, ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os, así como a causa de exclusión, no seu caso.

En dita resolución, que se publicará na web do Concello de Lugo e se poderá consultar premendo no Link de EVISLUSA, se determinará o lugar, data e hora de comezo do exercicio único, así como a composición do Tribunal Cualificador. A citada Resolución sinalará un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación na web citada anteriormente, para subsanación de causas de exclusión.

Sétima. Transcorrido o prazo de subsanación de instancias, resolveranse as reclamacións en caso de que as houbera, aceptándoas ou rexeitándoas, polo órgano competente, que ditará Resolución declarando aprobados os listados definitivos de aspirantes admitidas/os. Dita Resolución será publicada na web do Concello de Lugo, no Link de EVISLUSA, na que se publicarán o resto dos anuncios relativos á presente convocatoria.

V - TRIBUNAL CUALIFICADOR

Oitava. O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- PRESIDENTA/E: Director/a Xeral de Urbanismo do Concello de Lugo
- SECRETARIA/O: Secretaria/o do Consello de Administración de EVISLUSA.
- VOCAIS (3): A persoa que desempeñe o posto de Director/a-Xerente de EVISLUSA. A persoa que desempeñe o posto de Xefe/a do Servizo Municipal de Arquitectura do Concello de Lugo.
- Todos os membros a ser elixidos como vocais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso a esta praza, e estarán ao establecido na lexislación vixente. Xunto aos titulares nomearase ao menos unha persoa suplente, cos mesmos requisitos.

De acordo co artigo 14 da Constitución Española, o Tribunal velará polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan aos aspirantes con discapacidade, que así o houberan indicado e xustificado na súa solicitude, poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos participantes. Lles corresponderá dilucidar as cuestións plantexadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo e cualificar as probas establecidas polo mesmo.

O réxime xurídico aplicable á actuación do Tribunal Cualificador se axustará, en todo momento, ao disposto para os órganos colexiados na normativa vixente, como se determina no artigo 15 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A/o secretaria/o levantará Acta de todas as súas sesións. Estas deberán ser aprobadas e subscritas por todos os membros na seguinte sesión, e en todo caso antes da finalización do proceso selectivo. En canto á elaboración e aprobación das Actas se estará ao establecido na lei 40/2015.

Novena. As/os membros do Tribunal Cualificador, así como as/os asesores especialistas se os houbera, deberán absterse de intervir e as/os aspirantes poderán recusar aquelas/es cando concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, uns e outras/os deberán absterse se houberan prestado servizos ou colaborado durante ese período, de algún xeito, en centros de preparación de opositores na categoría á que pertencen as prazas convocadas.

Na sesión de constitución do Tribunal Cualificador a/o secretaria/o solicitará dos seus membros declaración escrita de non atoparse en ningunha das citadas circunstancias, deixando constancia no expediente. Esta declaración deberá ser tamén formulada polas/os asesores especialistas, en caso de que os houbera.

Décima. Cando o procedemento selectivo así o aconselle, por razón do número de aspirantes presentadas/os ás probas ou por outras circunstancias, o Tribunal por medio do seu presidente/a, poderá dispor da incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutras/os traballadoras/es técnicos para colaborar no desenvolvemento do proceso de selección baixo a dirección do citado Tribunal.

Cando o considere convinte, o Tribunal poderá recadar, para todas ou algunhas das probas, a colaboración de asesoras/es técnicos expertas/os na materia de que se trate, que intervirán con voz, pero sen voto, debendo limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica. A designación deberá comunicarse ao órgano convocante, quen autorizará o número do persoal asesor proposto.

VI. SISTEMA DE SELECCIÓN

Décimo primeira. O procedemento de selección seguirá o sistema de concurso-oposición e se levará a cabo seguindo as seguintes fases:

Fase de oposición

EXERCICIO ÚNICO: Consistirá en realizar unha proba tipo test con 100 preguntas con 4 respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, elaboradas polos membros do Tribunal Cualificador e baseadas no temario contido no ANEXO I desta convocatoria. As últimas 10 preguntas do cuestionario serán de reserva e unicamente serán tidas en conta, polo mesmo orde en que aparezan no cuestionario, si algunha das 90 primeiras preguntas resultase anulada. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 90 minutos.

Este exercicio será cualificado ata un máximo de **30,00 puntos** (as 90 preguntas correctamente respondidas), sendo eliminadas/os as/os aspirantes que non acaden un mínimo de 15 puntos. Será preciso contestar correctamente, como mínimo, o 60% das preguntas (54 acertos), para obter un 15. Este exercicio se cualificará con dous decimais. Se penalizará por cada tres respostas erróneas unha pregunta correcta ou a súa parte proporcional, en caso de ter menos de tres respostas incorrectas, non puntuando as respostas en branco.

Fase de concurso

Se iniciará unha vez se atope finalizada a fase de oposición e consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes que houberan superado os exercicios da fase de oposición, de acordo co baremo de méritos contemplado nestas bases específicas.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar as probas da fase oposición, non podendo determinar por se mesma o resultado do proceso selectivo. A puntuación máxima desta fase non poderá ser superior ao 40% da puntuación total.

Finalizada a fase de oposición, o Tribunal requirirá ás persoas aspirantes que a houberan superado, para que, no prazo máximo de vinte días hábiles a partires da publicación polo Tribunal dos resultados da fase de oposición, presenten a documentación acreditativa dos méritos que posúan.

Todos os méritos alegados deberán posuírse na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes do correspondente proceso selectivo, non tomándose en consideración os alegados con posterioridade á data citada.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso.

Baremo de méritos fase de concurso:

A puntuación total desta fase non será superior aos **20,00 puntos**.

1. Titulación:

- Por posuír titulación aparte da esixida para acceder á praza, ata un máximo de **1,00 punto**, na forma seguinte: Doctorado Universitario: 1,00 punto. Máster Universitario: 0,95 puntos. Licenciatura, Enxeñería, Enxeñería Técnica ou Arquitectura Técnica: 0,90 puntos.

2. Experiencia:

A experiencia se valorará contabilizando os meses que figuran na vida laboral que presente cada aspirante, tendo en conta o descrito no apartado seguinte destas bases (acreditación de méritos fase de concurso) e ata o máximo de puntos que se especifica en cada un dos

apartados anteriores, sempre que haxa existido relación laboral de carácter contractual ou exercicio de autónomo, na forma seguinte:

- Por cada mes de experiencia por encima da mínima dun ano no sector privado: 0,50 puntos, cun máximo de **6,00 puntos**. Dita experiencia no sector privado como arquitecta/o superior, no desempeño dun posto de traballo similar mediante contrato laboral ou exercendo de autónoma/o, experiencia que será acreditada presentando contrato e/ou vida laboral da/do aspirante.

- Por cada mes de experiencia por encima da mínima dun ano no sector público: 0,50 puntos, cun máximo de **6,00 puntos**. Dita experiencia no sector público con relación xurídico-administrativa de carácter funcional (de carreira ou de interinidade) ou laboral, sen que teñan tal consideración os servizos prestados (asistencias técnicas ou similar) en virtude de contrato administrativo suxeito á lexislación de contratos das Administracións Públicas ou do Sector Público.

- Traballos de edificación/rehabilitación e de planeamento/xestión urbanística: 0,20 puntos por cada unidade de traballo acreditado cun máximo de **3,00 puntos**. Se deberán acreditar como mínimo 3 traballos de edificación/rehabilitación e 3 traballos de planeamento/xestión urbanística.

- Coñecemento da lingua galega: aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificado pola Orde do 10 de febreiro de 2014, cun máximo de **2,00 puntos**. Estar en posesión do curso de iniciación: 0,50 puntos. Estar en posesión do Curso de Perfeccionamento: 2,00 puntos.

- Dominio e uso de software en modelado da información da construción (BIM): 0,20 puntos por cada curso ou traballo realizado con dita ferramenta, cun máximo de **2,00 puntos**. Acreditando a realización do curso de 600 horas de especialización en BIM relacionado no R.D. 263/2021, de 13 de abril do Ministerio de Educación e Formación Profesional, obteranse por completo os citados 2,00 puntos.

Non serán cualificados as/os aspirantes que acaden neste apartado unha puntuación menor dos **10,00 puntos**.

Acreditación de méritos fase de concurso

A acreditación dos méritos correspondentes aos diferentes apartados deberá facerse mediante a presentación da seguinte documentación:

Titulación: Título expedido ou homologado polo Ministerio de Educación ou resgardo acreditativo de haber aboado as taxas por dereitos de expedición do correspondente título.

Experiencia: Certificación ou acreditación suficiente da administración onde foi establecida a relación contractual, na que conste a natureza do

vínculo, denominación do posto e, no seu caso, grupo de clasificación e nivel do mesmo, ou ben mediante contrato de traballo e informe de vida laboral, e, en caso de empresa privada, certificación da mesma nos termos anteriores ou contrato de traballo acompañado en ambos casos de informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social acreditativo do período de contratación, sen que sexan tidos en conta calquera outros servizos que non houberan sido prestados baixo calquera relación de carácter contractual laboral con entidades ou empresas públicas ou privadas.

Para acreditación de traballos realizados, certificación expedida polo Colexio Oficial de Arquitectos no que a/o arquitecta/o se atope colexiada/o con indicación do título e identificación do tipo de traballo desenvolto e constando para cada un deles co preceptivo visado colexial.

Para a acreditación do coñecemento da lingua galega, presentación do Certificado oficial acreditativo dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Para a acreditación do dominio e uso de software de modelado da información da construción, Certificado acreditativo da entidade educativa formadora de que a/o alumno acadou a formación e o nivel de especialización en cursos de BIM.

Décimo segunda. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en fases de oposición e concurso, sendo o máximo de puntuación posible entre ambas fases de **50,00 puntos**.

Décimo terceira. As/os aspirantes serán convocadas/os para o exercicio de Oposición en chamamento único, salvo casos xustificados de forza maior apreciada polo Tribunal.

O Tribunal poderá requirir, en calquera momento, ás/os aspirantes que acrediten a súa identidade, a cuxo fin deberán estar provistos sempre e en todo caso, do Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou Carné de Conducir ou documento equivalente para estranxeiros.

As cualificacións das/dos aspirantes que houberan superado o exercicio, con indicación das puntuacións obtidas, faranse públicas con carácter informativo o mesmo día na que se acorden, na web do Concello de Lugo, premendo no Link de EVISLUSA.

Décimo cuarta. Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal Cualificador publicará na web do Concello de Lugo, no Link de EVISLUSA, a lista provisional de aprobadas/os por orde alfabético, con indicación do DNI das/dos aspirantes ou documento equivalente, así como as cualificacións obtidas polos mesmos no exercicio realizado e a puntuación total.

Contra esta lista poderán presentarse alegacións, que non terán carácter de recurso, ante o Tribunal Cualificador, no prazo de dez días hábiles contados a partires do seguinte a da publicación da mesma. Ditas alegacións serán resoltas na relación definitiva de aprobadas/os.

Transcorrido o prazo referido no parágrafo anterior e resoltas as alegacións no seu caso presentadas, o Tribunal Cualificador fará pública a relación definitiva de aprobadas/os por orde de puntuación, con expresión da puntuación obtida en no exercicio. Dita publicación será realizada na web do Concello de Lugo, no Link de EVISLUSA.

Décimo quinta. Unha vez terminada a cualificación das/dos aspirantes o Tribunal Cualificador publicará Resolución coa proposta para o nomeamento como persoal laboral fixo na praza de Arquitecta/o obxecto da convocatoria, a favor do aspirante que haxa obtido a maior puntuación global. Dita proposta, que terá carácter vinculante, non poderá incluír un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas, non supoñendo baixo ningún concepto que as puntuacións obtidas, sexan as que foran, outorguen ningún dereito ás/os participantes salvo ás/os propostos polo Tribunal ou os que se incorporen a unha lista de reserva segundo ven especificado na base décimo sexta do presente documento.

No caso que que ao proceder á ordenación das/dos aspirantes se producisen empates, estes se resolverán atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- a) Maior puntuación obtida na fase de oposición.
- b) Maior puntuación obtida na fase de concurso.

Se persistise o empate, se proporá o aspirante que resulte por sorteo.

Se o Tribunal Cualificador apreciara que as/os aspirantes non reúnen as condicións mínimas necesarias para desempeñar idóneamente o posto, poderá declarar deserta a praza obxecto deste procedemento de selección.

VII. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Décimo sexta. A/o aspirante proposta/o presentarán, no prazo de 20 días hábiles dende que se faga pública a relación de persoas seleccionadas, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na base segunda da presente Convocatoria.

Si dentro do prazo indicado, e salvo causas de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame da mesma se deduza que carecen de algún dos requisitos da base segunda, a persoa afectada non poderá ser nomeada para o posto, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan podido incorrer por falsidade na solicitude.

En caso de que algún das/dos aspirantes que fose proposta/o para ser nomeada/o, non cumprise algún dos requisitos ou renunciase ó seu nomeamento, será convocado a/o seguinte aspirante da Lista de Reserva.

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva da praza ofertada, confeccionarase unha Lista de Reserva pola orde de puntuación acadada por cada aspirante presentado, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista débese obter, cando menos, unha puntuación maior aos 20,00 puntos. En caso de que non superarse o período de proba por parte da/do aspirante elixido, poderase convocar á persoa que ocupe o seguinte lugar na lista de reserva. Igualmente, poderá utilizarse a citada lista en caso de que o Consello de Administración de EVISLUSA, proceda a dotar de novo persoal á empresa para cubrir novas prazas que se podan relacionar no catálogo de postos de traballo.

Décimo sétima. Unha vez xustificado que a/o interesada/o reúnen todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, a Presidenta de EVISLUSA acordará o nomeamento de dita persoa como persoal fixo da empresa.

A persoa que sexa nomeada, deberá tomar posesión do seu cargo no prazo máximo dun mes a contar do seguinte ao da notificación do acordo de nomeamento. En caso de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada, perderán todos os seus dereitos á praza.

VIII. NORMAS FINAIS

Décimo oitava. Todos os candidatos que habendo superado as probas non poidan optar ao posto finalmente por puntuación, quedarán incorporados, por rigoroso orde de puntuación, a unha bolsa de traballo na que poderán ser chamados para ocupar posibles vacantes que puidesen causarse durante os próximos catro anos por causas como interinidade, baixas, ausencias prolongadas, o outras similares.

Décimo novena. No non previsto nas Bases da presente convocatoria, será de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Vixésima. No desenvolvemento do proceso selectivo o Tribunal queda facultado para resolver as cuestións e dúbidas que se presenten en aplicación das normas establecidas nestas Bases, así como para tomar os acordos necesarios para o bo orde das probas selectivas, en todo o non previsto nestas Bases, sempre que non se opoñan ás mesmas.

ANEXO I

TEMARIO PARA A SELECCIÓN DUN POSTO DE ARQUITECTA/O NA EMPRESA PÚBLICA DE VIVENDA E SOLO DE LUGO S.A. - EVISLUSA

Tema 1.- Decreto 128/2023, de 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habilitabilidade de vivendas de Galicia.

Tema 2.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello de Lugo. Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado polo R.D. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade (DB SUA). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13).

Tema 3.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: plans de ordenación dos recursos naturais; protección de espazos; espazos protexidos Rede Natura 2000.

Tema 4.- Protección contra incendios nos edificios. R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación: DB-SI (seguridade en caso de incendio). R.D. 2267/04, do 3 de decembro, polo que se aproba o

Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Aplicación no Concello de Lugo.

Tema 5.- Condicións acústicas nos edificios. R.D. 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/07, polo que se aproba o Documento Básico DB-HR (Protección fronte ó ruído) do Código técnico da edificación. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia. R.D. 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a lei 37/2003, no referente á valoración e xestión de ruído ambiental. R.D. 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 6.- Condicións de hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios. DB-HS (Salubridade) e DB-HE (aforro de enerxía) do Código técnico da edificación. Certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

Tema 7.- Lesións e danos nos edificios. Análise e diagnóstico. As medidas de impulso á rehabilitación, a obrigatoriedade da inspección técnica de edificios. As ordes de execución e as ruínas. Aplicación no concello de Lugo. Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o Informe de Avaliación de Edificios. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Tema 8.- Programas de axuda en materia de Rehabilitación. Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Real Decreto 42/2022, de 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Aluguer Xove e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Tema 9.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de obra: Actuacións preparatorias. Proxectos de obra: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra: comprobación de replanteo, medicións de obra, certificacións de obra, pago do prezo.

Tema 10.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de servizos para redacción de proxecto e dirección de obra: Subsanación de erros e responsabilidade por defectos ou erros de proxecto. Responsabilidade da dirección facultativa durante o prazo de garantía.

Tema 11.- Seguridade e Saúde da aplicación ás obras de construción. R.D. 1627/97, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Tema 12.- Residuos na construción e demolición. Real Decreto 105/2008. Aplicación no concello de Lugo. Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación dos residuos mediante depósito no vertedoiro.

Tema 13.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): Condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.

Tema 14.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): Tipificación das actuacións de edificación.

Tema 15.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): Regulación do patrimonio arquitectónico.

Tema 16.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): Normas xerais da edificación. As licenzas municipais. Normas particulares de zona. Ordenanzas especiais.

Tema 17.- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Tema 18.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: Valoracións. Disposicións xerais; conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións; valoración en situación de solo rural; valoración en situación de solo urbanizado; das indemnizacións e gastos de urbanización.

Tema 19.- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Tema 20.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Réxime urbanístico do solo: solo urbano.

Tema 21.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Réxime urbanístico do solo: solo de núcleo rural.

Tema 22.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Réxime urbanístico do solo: solo urbanizable. Usos e obras provisionais.

Tema 23.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Réxime urbanístico do solo: solo rústico.

Tema 24.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Os proxectos de urbanización: disposicións xerais, relación co planeamento, contido, procedemento de aprobación, proxectos de obras ordinarias previos ao proxecto de urbanización en parcelas dotacionais públicas. Execución e conservación de obras de urbanización.

Tema 25.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Execución do planeamento urbanístico. Áreas de reparto. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a equidistribución. Sistemas de actuación.

Tema 26.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Os deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Procedemento. Executividade e execución forzosa. Declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Perigo inminente. Rexistro de soares. Venda forzosa. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 27.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Memoria de ordenación. Obxectivos e criterios da proposta. Descrición da ordenación proposta. Sistemas xerais dotacionais: os equipamentos e zonas verdes.

Tema 28.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Xestión e execución do

planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbano no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 29.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbanizable no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 30.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Réxime dos usos. Normas xerais de edificación.

Tema 31.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Normas xerais de urbanización.

Tema 32.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Zonas de ordenanza.”